

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº93/ Ano: 2024 / 2º xornal Mes de setembro/ Estado de despedida do verán

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Interesante charla sobre o Centro Cívico e Colonización, no C. de Visitantes. Páx. 1



Os artesáns organizan a 3ª Festa da Tortilla en Ons. Páx. 2

Josecho, párroco de Ons, está en todas. Páx. 3



Agradecemento dos veciños á 2ª brigada de incendios e mantemento e aos rapaces da ecobrigada. Páx. 4



Parques prepara o Castro dos Mouros para ser visitado. Páx. 3



Os aunienses fieis devotos á Romaría da Lanzada. Este 2024 tampouco fallaron. Páx. 4



Comezarán as obras de Curro neste setembro? Páx. 5



Contos de Taberna
Que terá que ver Varu Camaway co último descubrimento arqueolóxico en Ons. Páx. 6

Eventos radiofónicos e gastronómicos en Ons. Páx. 7



Triple Corona Illas Atlánticas.
Proba de natación dende Ons a Combarro.
Páx. 9

Xantar anual da Asociación Cultural Pineiróns.
Páx. 8



A Illa de Ons Unha desaparición construída

O papel transformador do Instituto Nacional de Colonización na Illa que hoxe coñecemos.

24 Agosto 2024 — 12:00h
Centro de visitantes da Illa de Ons

Alejandro Vázquez Correa

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

INSTITUTO NACIONAL DE COLONIZACIÓN

INSTITUTO NACIONAL DE COLONIZACIÓN

ACTIVIDADES DO PARQUE NACIONAL EN ONS 24/08/2024

Así nos presentaban, na páxina do Parque Nacional Illas Atlánticas, esta actividade:

“En 1965 o Instituto Nacional de Colonización (INC) levou a cabo na Illa de Ons a construción dunha serie de edificios que son a cara visible dunha etapa que, silenciosamente, transformou a Illa por completo. Este sábado 24, ás 12h, falaremos no Centro de Visitantes da Illa de Ons do legado construído que deixou o réxime franquista na Illa e desvelaremos as claves da profunda transformación sociocultural, económica e natural que estes edificios ocultan.

Esta actuación está enmarcada dentro do contexto histórico dos pobos de colonización, construídos nas principais concas hidrográficas dos ríos de España entre 1940 e 1971. Estes asentamentos son unha das patas tanxibles dunha ambiciosa reforma agraria que buscaba non só consolidar un novo sistema de produción agrícola, senón tamén colonizar e repoboar a España baleirada, evitando o éxodo rural.

Pero, se o INC actuaba sobre grandes latifundios e centrábase en potenciar a agricultura; se se centraba en colonizar territorios despobrados e crear novas comunidades afíns aos seus ideais e valores; se construía pobos ex novo sobre territorios virxes que levou ao INC a fixarse e preocuparse pola illa de Ons? que motivou o seu interese por un territorio habitado e construído?

Establecendo lazos de unión entre colonización e a sociedade insular anterior á chegada do INC, revelaremos as razóns detrás deste peculiar interese que o réxime franquista mostrou pola Illa. Ademais, analizaremos arquitectónicamente a actuación mostrando puntos de unión e de desencontro entre a arquitectura de colonización, a arquitectura popular da Illa e a intervención do INC nela”.

Anunciada con pouco tempo de antelación e coa cota de visitantes chea para ese día, o acudir a esta actividade facíase complicado; e sei seguro que había algunhas persoas, vinculadas á investigación sobre Ons, que lles interesaba ir, pero non puideron. Aínda así, a asistencia foi relevante.

Con respecto á conferencia, dicir que resultou moi interesante, e coñecemos datos curiosos sobre estas construcións que levou a cabo Colonización en Ons e no resto da Península Ibérica.

Eu a dividiría en dúas partes ben diferenciadas:

- Unha primeira, breve e histórica, sobre a comunidade auniense no tempo entre o Marqués de Valladares e a chegada de Colonización.
- Unha segunda, dividida en dous apartados: Histórica sobre Colonización-Illa de Ons, e técnica, sobre as construcións.

Tanto a primeira parte como a primeira sección da segunda, resultaron atractivas, pois comprobamos que as teorías sobre o tema da conexión ou relación veciños-colonización que se esgrimiron en diferentes artigos na revista Aunios sobre a Historia e Propiedade de Ons, tamén eran referendadas por este investigador.

No que respecta á parte técnica, comentar que foi moi didáctica en aprendizaxe de cuestións que descoñecemos.

O que si quero destacar é a reflexión final que fixo, ou así entendino eu, este novo arquitecto, Alejandro Vázquez Correa, autor desta investigación, sobre o motivo da realización destas obras na Illa de Ons, comentando que: “foron realizadas co propósito de moderar o crecemento poboacional existente e reduciilo a ser posible”.

Sobre esta reflexión vou a intentar dar as miñas suxestións, nos seguintes números de Onstopus, co fin de non ampliar esta primeira entrega, xa que, respectando a súa opinión, coido que realizar un enorme gasto en dar uns servizos á poboación auniense daquel momento co propósito de diminuír a poboación ou provocar unha emigración, parece un pouco incoherente, aínda que non descarto que puidera ser o obxectivo de Colonización naquel intre.

O que si quero expoñer de novo, é que esta Actividade foi moi positiva, é que Parques debería considerar o levar a cabo a presentación das investigacións e traballos realizados coas subvencións que outorga, xa que resultan, como puidemos comprobar, moi interesantes. <https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2024/09/02/ons-isla-despoblada-107626998.html>



O martes 27 de agosto, celebrouse en Curro, Illa de Ons, un campionato de cociña de <tortilla de patacas> que organizaron, as/os artesáns que expoñen e venden os seus produtos en Ons no verán.

Hai que recoñecer que é unha gran iniciativa, non só pola parte culinaria do acontecemento, senón porque, a tortilla de patacas, foi un elemento importante da historia gastronómica da illa.

Estes artesáns, que forman parte desa gran familia de Aunienses Autóctonos e de Adopción, non só polos anos que levan pasando a etapa estival nesta illa, senón tamén polo seu labor e compromiso con esta comunidade, sempre dispostos a aportar o seu traballo a prol dunha illa máis sustentable dentro dun Parque Nacional.

Coido que Parques debería reflexionar sobre unha regulación positiva da súa actividade.



Non sei que tipo de normativa terían que seguir os membros do xurado para determinar cales serían as premiadas, tendo en conta que os gustos de cada quen son moi persoais, a uns moi pasada outros pouco feita, uns con cebola outros sen ela, uns coa pataca moi feita outros case cocida,..., cousa complicada. O que si sabemos é que os membros do xurado eran: Luís, garda forestal. Ane Márquez, artesán. E Cris, enfermeira de Primeiros Auxilios.

E, segundo fontes ben informadas, os/as gañadores/as foron: Mellor tortilla: *Cloti*. Segunda clasificada: *Ana Melide*. E terceiro *Varu Camawey*.

Parabéns para as/os galardoadas/os.

UN POUCO DE HISTORIA

A tortilla de patacas, plato autóctono auniense

Non sei que material utilizaron os/as demais artesáns para confeccionar as súas tortillas, o que si sei, debido a que unha Gaivotas Aventureira que estaba a facer a <Ruta Xacobeas das illas e humidais> e que fixo unha parada técnica en Ons, no barrio de Pereiró, veu como Varu Camawey contou, para elaborar a súa tortilla, nada menos que con ovos e patacas das galiñas e terras de Rosiña. Iso é material de categoría!!!

O que me estraña é que, con semellante materia prima, quedara de terceiro, polo que penso que, ou ben necesita mellorar como *chef* ou, mentres cociñaba, andoulle a tocar os "ovos" algún aprendiz de Chicote.

O que si é interesante, é coñecer un pouco sobre a tortilla de patacas na Illa de Ons:

Dende 1810 a illa comezou a repoboarse e os seus habitantes dedicáronse á agricultura como principal medio económico. Sesenta anos despois, coa instalación dunha fábrica de salga, cambiou a súa economía,

pasando paseniamente ao terreo pesqueiro, aínda que mantendo unha agricultura, cunha pequena gandería, sobre todo avícola, de autoconsumo. As terras eran moi produtivas, e podemos dicir que o cultivo era totalmente ecolóxico. Todo iso provocou que os ovos, patacas, cebolas e allos,..., tiveran un sabor máis que excelente.

Cando por aqueles anos 50 s.XX, atracaba en Ons algún barco de recreo e os seus ocupantes achegábanse as tabernas de **Goberna**: coa siña Dolores e Arturo ao fronte, ou á de **Acuña**: coa siña Rosa e Jesús ao cargo, pode ser que, se había sorte, tomaran algún marisco antes, pero dende logo, os pratos estrela eran: *Tortilla de Patacas e Polbo en Caldeirada*.

Imaxinan vostedes unha tortilla feita con ovos, patacas e cebolas da propia illa. E que me din dunha caldeirada a base de polbo acabado de pescar nas augas aunienses, mallado nas propias rochas e lavado nas limpas augas da illa, acompañado dunhas patacas aunienses e un prebe con allo autóctono. Non se diga máis: Unha *Ambrosía dos Deuses*.

Por iso digo que, a **Tortilla de Patacas** e o **Polbo en Caldeirada** de Ons, tiñan que ser declarados:

PRATOS AUTÓCTONOS AUNIENSES

Aínda que agora os ovos se chamen Coren, as patacas Kennebec e o polbo *Mojamé*



Membros do xurado, dende a esquerda: Ane, Cris e Luís.

ONS ARQUEOLÓXICA. *Consolidar e protexer o xacemento. Actividades de inverno. Comezar as Rutas.*

Coido que, con moi bo tacto, Parques, durante este verán, evitou realizar excursións guiadas ao xacemento arqueolóxico do Castro dos Mouros, mentres o que foron sacando á luz os arqueólogos nestes pasados anos, non estea ben consolidado e protexido para evitar malas actuacións dos visitantes e, o que sería peor, se vandalice.

Aínda que dende principios de xullo non volvían a visítalo, comentáronme que persoal de mantemento estivo traballando na zona para a súa protección, supoño que con asesoramento técnico dos equipos de arqueólogos e gardas do Parque. É interesante que o Parque, agora que remata a etapa estival e en equipo, vaia programando as Actividades a desenvolver en Ons durante o inverno para conseguir esa tan desexada desestacionalización e aproveitar, máis positivamente, as posibilidades reais, como Parque Nacional, que poden ofrecer estas illas.

Con respecto a Ons e ao seu valor arqueolóxico, e como sempre fago/facemos, non só pedir, senón aportar alternativas de realización, aquí van unhas ideas de doada execución:

- Programar visitas guiadas de tipo Arqueolóxico durante o inverno. Varias datas.
- Dalas a coñecer con bastante antelación para que as persoas interesadas poidan programar a visita con tempo.
- Ter preparado ao persoal (Guías) nesa materia para unha correcta exposición aos visitantes.
- A ser posible, contratar a algún dos arqueólogos/as que participaron nas escavacións para programar, nesas visitas, unha charla didáctica sobre o tema e adaptala ás persoas que vaian participar.
- Moi interesante, se se ten, é preparar un vídeo para proxectar no Centro de Visitantes por se se dá o caso de que as persoas participantes na excursión por problemas de mobilidade, idade,..., non podan acudir ao lugar das escavacións, pero que si podan ter un contacto visual delas nesa proxección.
- Planear a realización da ruta Arqueolóxica na súa totalidade en excursións guiadas de mañá e tarde, onde tamén se poden incluír nas presentacións: a Laxe do Crego, a Reitoral-Escola e piornos de Canexol, as pilas de salga deste barrio, os petróglifos de Caño e o Castelo da Rueda con, se se pode, visualización ou charla explicativa.
- Facéndoo con tempo e con diálogo, pódese contactar con algún dos restaurantes da illa para que os excursionistas tamén poidan degustar algún prato típico da illa, intentando chegar a un acordo económico sobre o prezo da comida.
- Máis ideas que se poidan engadir...
- Por último, e sabendo que o Parque anualmente fai cursos para Guías e que necesitan experiencia nese labor, pensamos que o mínimo de participantes debería ser de 50, para formar dous grupos de 25 cos seus guías correspondentes que, ben organizados, mentres un grupo realiza unha parte da excursión o outro realiza outra.

Esperemos contar con Actividades programadas polo Parque que axuden a coñecer mellor as características aunienses coa tranquilidade do outono-inverno e principios da primavera. *(Fotos: Eduardo (Garda xurado) e Tinón)*



JOSECHO, O PÁRROCO DE ONS

O incombustible párroco de Bueu-Beluso e polo tanto de Ons, non para. A carón do seu labor pastoral, está presente en todo tipo de eventos cunha participación activa. Mesmo o vemos colaborando nas Festas da Illa, como apoiando ao Celta ou ao Madrid nos partidos cruciais, presidindo algún equipo de fútbol da súa localidade, paseando pola súa Lanzada de nacemento, compartindo uns vasos de bo viño cos amigos,..., e mesmo deixándose caer nas reunións gastronómicas de persoeiros de diferente índole.



Foto: Cedida. Tamén publicada no Diario de Pontevedra, cadenaser.com, larazon.es,...

CURIOSIDADES DE AGOSTO



Panda de amigos de Ons: artesáns, algún auniense e veciños de adopción, compartindo en camaradería uns viños e cervexas.



Traballadores do Parque

Se no anterior Onstopus falabamos do primeiro grupo de mantemento, retén de incendios e desbroce, e o agradecemento dos veciños ao seu labor, agora temos que facelo dos membros do seguinte grupo que seguindo a estela deixada polos seus predecesores, seguen co seu impecable traballo nestes últimos días de verán. Tamén, non podemos esquecernos dos rapaces da Ecobrigada que o seu labor, é limpar e recoller o lixo que algúns desaprensivos deixan ciscados polos camiños e praias da Illa.

UN ANO MÁIS NA FESTA DA LANZADA COS AUNIENSES



FESTA DA LANZADA

Non podiamos faltar á cita da Festa da Lanzada á que os aunienses están ofrecidos dende hai máis de 200 anos.

Como sempre, degustamos as delicatessen que ofrecen nas carpas. Este ano, “Polbo á Feira”.

Logo invitados por Manolo Cabada, achegámonos ata a súa casa: <Miradoiro sobre a Ermida da Lanzada>, e degustamos un bo viño albariño e viandas,

delicadamente preparadas pola súa dona. Seguimos logo no Restaurante “A Nova Ponte” saboreando uns callos, croca, secreto ibérico e entrecot, e rematamos no “Pescador de Portonovo”, cuns cafés e chupitos.

Que queren que lles diga, outra auténtica exquisitez para os deuses aunienses. Para o ano, se Deus quer, outra.

OBRAS NO PARQUE NACIONAL A PARTIR DE SETEMBRO 2024?

Proxecto de acondicionamento da Illa de Ons

Esta promovido pola Axencia de Turismo de Galicia e ten como obxectivo recuperar a calidade dos espazos públicos construídos en Ons e mellorar o seu funcionamento.

Este proxecto tería xa que comezar en setembro de 2023, pero, sen saber os motivos, non comezaron. No mes de xuño de 2024 houbo un tímido intento, coa instalación dun pavicesped que vai dende a Praia das Dornas ata o enlace do camiño de Melide. Ata o de agora, non temos noticias de nada máis. Esperemos que comencen neste setembro 2024.

A maioría das actuacións ían ser no barrio de Curro, barrio administrativo e de servizos. Como ámbitos de actuación tiñan:

- Punto de acceso á Illa
- Centro de Información
- Rúa principal do pobo
- Aceso de vehículos pesados e espazo de acopio de Parques
- Espazo do entorno da depuradora
- Aceso ás praias do sueste
- Sinalización e mobiliario dos espazos públicos
- Recuperación dos camiños da illa e almacén para dornas

Este era o proxecto inicial. Estamos á espera, xa que contaba cunha boa dotación económica e sería imperdoable que se perdera, xa que, se algún dos obxectivos, por calquera motivo, non se fora a levar a cabo, eses cartos poderían empregarse en mellorar outros máis necesarios.

Entre eles está o de máis demanda veciñal, como é o arranxo dos camiños da Illa. Esperemos que se faga con estudos técnicos e persoal profesional, evitando as chapuzas á que nos teñen acostumados en anos anteriores, con arranxos puntuais, sen estudos, sen materias adecuados,...., e que, coa chegada do inverno, volven ao estado desastroso que tiña nun principio. É preferible ir a modo, pero tecnicamente ben feito e duradeiro, tendo presente a climatoloxía da illa e o tránsito por cada un.



Como faría unha boa centola de Ons, a placa de Pineiróns está a cambiar o cacho.



FESTA DE SANTA ROSALÍA EN SANXENXO (4/09/2024)

Os veciños de Ons, dende que decidiron vivir na illa hai máis de 200 anos, non deixaron de acudir ás romarías das que eran devotos. Polo que me contaron e por orde de preferencia, a da Virxe da Lanzada era a que tiña máis adeptos, logo a de Santa Rosalía en Sanxenxo e despois á de San Benito de Lores. Todas elas, a carón da devoción e ofrecemento, tamén servían para saír da Illa, sobre todo as mulleres, e xuntarse cos seus parentes da zona de Noalla, Grove e San Vicente que tamén acudían a elas.

Este ano 2024, os aunienses, non foron moi romeiros.

Foto: Dornas ceboleiras na exposición de Sanxenxo 2024.

CONTOS DE TABERNA

Última Hora: Novo descubrimento arqueolóxico en Ons

Os arqueólogos que se atopaban en Ons escavando o Castro dos Mouros en Canexol, xunto cun pequeno equipo de espeleólogos que no seu momento investigaron todas as furnas da Illa, decidiron unha exploración conxunta da Cova dos Mouros, que se atopa a carón do castro. Penetraron ata onde crían que remataba a cova, pero un pequeno oco nunha das paredes, fíxoos desconfiar e despois de perforar con moito tino, abríuselles unha nova cámara que, nas súas paredes, agochaban unhas pinturas rupestres con escenas de caza con arco.

Despois dunha primeira visualización, decidiron levar material máis sofisticado para o seu estudo e lograron, con moita precaución, sacar uns bosquexos e un par de fotografías de alta precisión, para un profundo estudo en laboratorio.

Estas análises posteriores sacaron a luz a posible data, que sinalaron en hai 4000 anos. Despois de varias comprobacións e estudos exhaustivos, decidiron utilizar as novas tecnoloxías e por medio da IA (Intelixencia Artificial) conseguiron poñer forma actual a unha das figuras humanas para unha mellor análise. O resultado foi abraiante!!!

Lograron poñer o corpo tal como hoxe tería ese cazador. E comezaron xa un estudo moito máis científico.

Comprobaron que a súa fasquía era a dun Camawuaiano, dos que habitaban na zona norte da Illa, en Camawey (Melide). Chamoulle a atención que non estivera en “bolas”, xa que os de Camawey no utilizaban téxtiles, polo que supuxeron que quizais se tratara dun díscolo e fora expulsado da comunidade camawuaiana ou, decidira aventurarse a vivir só, ou en compañía, na banda oposta da Illa (Pereiró). Verificaron que a carón da caza de grandes mamíferos que no seu día habitaron a Illa, tamén tiñan unha depurada técnica de pesca con arco. Viron, que no fular que fai de cinto, leva agochado un tiracroiois, quizais para caza de pequenos mamíferos, moi abundantes xa daquela en Ons, como os coellos.

E, á espera doutros resultados que poden seguir aflorando a medida que a investigación avance, comprobaron que, ou era moi fachendoso e galano pola cantidade de abalorios que leva, ou pertencía a unha clase social alta en Camawey.

A medida que as investigacións avancen, terémolos informados.

Fotos: Escena da pintura rupestre: <https://iambiente.es/2022/10/barranco-de-la-valltorta-arte-rupestre-levantino-en-estado-puro/>. Cazador Camawuaiano: Varu Camawey



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 22 de agosto de 2024, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se publican os concellos beneficiarios das subvencións concedidas en virtude da Orde do 19 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria, para os anos 2024 e 2025, das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, **recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural** e á sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia, en réxime de concorrencia competitiva.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240906/AnuncioG0760-300824-0003_gl.html

A carón das subvencións que anualmente saca a consellería de M. Ambiente xunto con Parques para a “mal chamada” Área de Influencia do Parque Nacional I. Atlánticas, tamén saíron estas, que agora, a 5 de setembro de 2024, informan sobre os concellos subvencionados e o tipo de actuación.

Vemos na convocatoria que as axudas ían dirixidas a actuacións que tiveran que ver co patrimonio natural e tamén cultural. Quizais, o concello de Bueu en actuacións medioambientais en Ons non teña competencias ou esa pode ser a desculpa, aínda que eu opino que tamén ten, pero nas culturais si.

É por iso, que é unha pena que nin en unhas nin nas outras, o concello solicitara algunha axuda para un programa cultural para Ons, por exemplo: Organizar o día do libro de Ons. Axudar a algún dos estudosos das peculiaridades aunienses para publicar os seus traballos. Organizar algunha charla, conferencia, exposición,... Programar algún acto de presentación de libros e traballos sobre a Illa. É un longo etc. Esperaremos logo a este ano que vén a ver que pasa.



Que ben estaría unha Mesa Redonda no C. de Visitantes da Illa, cos diferentes escritores que ambientaron as súas novelas en Ons.

EVENTOS DE FINAL DE TEMPADA

Programación conxunta de <Onda Cero> e degustación do albariño <Paco&Lola>



Andrea, segunda pola dereita, Guía de Parques



Susi Otero Acuña, segunda pola dereita, xerente Nabia e Grupo Acuña

Onda Cero, fixo o seu programa dese día dende a Illa de Ons. A carón da programación disposta para o día, entrevistaron a varios aunienses, persoal de Parques e visitantes.

Tratáronse temas da Illa e resultou moi chamativa e interesante.

Tamén contou coa colaboración da bodega de albariño Paco&Lola que, en dúas xornadas, fixo unha degustación nos restaurantes O Pirata e Casa Acuña.

Recordar que o ano pasado fíxoa en Casa Checho.



Cesáreo, veciño de Ons, á dereita



Esquerda: degustación e música en Casa Acuña. Dereita: degustación en O Pirata

Tapa e pota en Ons

Apuesta do verán
TURISMO PESQUEIRO

Xoves, 5 de setembro

- Salidas desde Vigo, Bueu y Portonovo
- Visitas guiadas a las 11:00 y 16:00 horas
- Degustación gratuita a partir de las 12:30 horas
- Música en directo

ORGANIZADA POR XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR
FINANCIADA POR XUNTA DE GALICIA
Cofinanciada por la Unión Europea

Programada pola Organización de Produtos de Pesca Fresca de Vigo e Casa Acuña, celebrouse unha degustación gratuíta de Pota en Ons, acompañados de música en directo.

As preparacións foron: Bocadín de pota rebozada con ali-oli. Empanada rechea de pota e Guiso de pota mariñeiro.



O evento, dentro do programa <Turismo Pesqueiro>, resultou todo un éxito, esgotándose todas as existencias.

A organización pretendía demostrar o rico que pode saber este cefalópodo e queren promocionalo.



Unha Parente de Carlos Patiño (Carrillo) atopou en Rishikesh (A India) este curioso hotel de nome <Ons>.

Manolo Cabada atopou por Ons, o día da degustación da Pota, a Manuel Rivas e ao seu fillo. Non me estrañaría nada que Rivas teña en mentes unha nova novela ambientada tamén en Ons.



Venres de gran papadela en Casa Acuña coas viandas mariñas que trouxo Alvarito: Nécoras, percebes, navallas e camaróns. Rematamos cuns calamares e un bo viño tinto.



XUNTANZA ANUAL DOS PINEIRÓNS
Como vén sendo habitual, membros da Asociación Cultural Pineiróns, fan un xantar de confraternidade na Illa de Ons. O ano pasado, que celebraron o seu 25 aniversario, fixérono en Casa Acuña, este ano tocou no restaurante "O Pirata".
Aproveitaron, como antano facían, para sentarse na <Mesa dos Pineiróns>, espazo emblemático para eles xa que nela formouse esta asociación illán.



Imaxes da **TRIPLE CORONA ILLAS ATLÁNTICAS**
O sábado 7 de setembro saíron da Praia de Area dos
Cans (Ons) para cubrir a nado a distancia desta Illa ata
Combarro, nada menos que 23 km.



FARO de ONS

“Valedor dos mariñeiros”

Sei,
que algún dos teus últimos moradores,
aínda segue a coidar de ti;
pero pronto ficarás só.
Máis, non desacougues,
pois aqueles que deseguido
acudiamos ao teu lado
e que ti sempre recibiches
con moito agarimo,
estaremos ao teu carón, para que,
na túa próxima e renovada vida,
o teu interior estea repleto de cultura.